



Concello do Porriño

BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (INTERESE SOCIAL) DE PERSOAS DESEMPREGADAS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2020 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

De conformidade coas bases reguladoras e convocatoria da concesión do Plan Concellos 2020 - liña 3: "Emprego para conservación e funcionamento de bens e Servizos Municipais", publicadas no BOPPO núm. 1 do 02-01-2020, coa memoria da Alcaldía de data 10-01-2019, co Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de data 02-04-2020, polo que se concede unha subvención para a selección e contratación laboral temporal de duración determinada, a xornada completa de 37,5 horas semanais, que en ningún caso poderá exceder do 31-12-2020, dos 2 traballadores que a continuación se relacionan e que responden a necesidades excepcionais, urxentes, inaprazables, prioritarias e indispensables, e motivadas na proposta do Concelleiro delegado de benestar social, formación, emprego, deportes, novas tecnoloxías e participación, de data 04-06-2020, redáctanse as presentes bases que teñen por obxecto regular a selección definitiva dos 2 traballadores citados de entre as persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego e que figuren na relación de candidatos/as que remita a oficina pública de emprego do Porriño por mor das correspondentes ofertas presentadas por este Concello, no modelo normalizado para o efecto, e posterior contratación dos definitivamente seleccionados a fin de realizar o apoio e reforzo aos seguintes servizos de competencia municipal e de interese xeral e social que se prestan nos seguintes departamentos ou unidades:

-Para o Departamento de parques, xardíns e limpeza.



- 1 PEÓN FORESTAL.
- 1 PEÓN DE LIMPEZA.

SEGUNDA.- CONTRATACIÓN.

Cos aspirantes que resulten seleccionados definitivamente se formalizarán os oportunos contratos laborais de duración determinada, a xornada completa de 37,5 horas semanais, durante o período de tempo restante, que en ningún caso poderá exceder do 31-12-2020, por cuestións de interese xeral e social.

TERCEIRA.- LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA.

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma, as persoas que nun período de trinta meses foran contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente



Cod. Validación: 6YA4D5646AFXRHIGM5ATYKZFS | Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11

Eva García de la Torre (1 para 1)
Alcaldesa do Porriño
Data de Sinalura: 30/07/2020
HASH: e8a84f5859686a71d09694c5b6dfb





Concello do Porriño

posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais (*que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade*), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de trinta meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador/a entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

CUARTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

A) NACIONALIDADE

Ser español/a. (*Acreditarase mediante fotocopia compulsada do DNI*).


Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (*Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe*).

B) DESEMPREGADO/A INSCRITO/A NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA COMO DEMANDANTE NON OCUPADO E QUE ESTEA DISPOÑIBLE PARA O EMPREGO.

Ser persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego. (*Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto*).

C) IDADE

Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. (*Acreditarase de*





Concello do Porriño

igual forma que o apartado A).

D) TITULACIÓN

Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo ós/ás aspirantes a ser seleccionados/as e contratados/as como:

- PEÓN FORESTAL.
- PEÓN DE LIMPEZA.

E) CAPACIDADE FUNCIONAL.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias de cada contrato obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a).*

F) NON HABER SIDO SEPARADO/A OU INHABILITADO/A.

Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).*

G) NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCAPACIDADE OU INCOMPATIBILIDADE

Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).*

H) NON ESTAR COMPRENDIDO EN CAUSA DE ENCADEAMENTO DE CONTRATOS TEMPORAIS

Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base terceira de exclusión automática desta convocatoria. *(Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida a partir do mes de xuño de 2020** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a*





Concello do Porriño

de non estar comprendido en causa encadeamento de contratos temporais).

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata ao momento de formalización do contrato.

QUINTA.- SOLICITUDES

Os/as candidatos/as desempregados, preseleccionados/as pola Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante solicitude, dirixida á Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño, que presentarán no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases.

O prazo de presentación será de **5 días hábiles** (o sábado non é día hábil a estes efectos) contados desde o seguinte ao da publicación das presentes bases da convocatoria no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

A solicitude poderá formularse conforme ao modelo que se acompañan como **ANEXO** destas bases ou na forma que determina o artigo 66 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

Remítirase unha fotocopia das bases da convocatoria á Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ao Centro de emprego municipal deste Concello.

Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegaran inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldesa ditará resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e se designe o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Para o caso de que houbera aspirantes excluídos/as ou omitidos/as na





devandita lista, estes disporán dun prazo de **2 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emenden tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos/as serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldesa ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da valoración dos méritos. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, de igual xeito se publicara a resolución das solicitudes de abstención ou recusación se as houberse

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente/a, un secretario/a e tres vogais e quedará integrado polos empregados/as públicos que designe a Alcaldesa, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.





Concello do Porriño

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente/a e do Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores/as especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

SÉTIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso.

O concurso consistirá na valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as segundo os criterios seguintes. Se algún documento que fora necesario para acreditar algún mérito non fose posible obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base QUINTA, poderá aportarse ata o momento de avaliación dos méritos polo tribunal.

OS MÉRITOS A VALORAR SON OS QUE SE DETERMINAN NO SEGUINTE BAREMO:

I.- Situación sociolaboral, familiar e persoal dos candidatos.

Valórase neste apartado o seguinte:

- 1º) Por ser vítima de violencia de xénero: 3 puntos.**
Acreditarase mediante fotocopia compulsada da resolución xudicial firme ou orde de protección en vigor.
- 2º) Por ser maior de 45 anos: 2,50 puntos.**
Acreditarase mediante fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou outro documento equivalente vixente que acredite a idade.
- 3º) Por acreditar unha discapacidade superior ao 33%: 2,50 puntos.**
Acreditarase achegando orixinal ou fotocopia compulsada do certificado do organismo oficial competente que acredite a mesma e a súa porcentaxe.
- 4º) Por formar unha familia monoparental con fillos/as ao seu cargo: 2,00 puntos.**
Acreditarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia expedido polo Concello a partir do mes





de xuño de 2020, e convenio regulador ou sentenza xudicial que determine a garda e custodia dos fillos/as a cargo (se fose o caso).

5º) Por nivel de renda máis baixa dos/as aspirantes que se puntuará do seguinte xeito:

-Se os/as aspirantes non perciben prestación algunha: **1,50 puntos.** *Acreditarase con fotocopia compulsada das certificacións negativas do Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) -antigo INEM-, da Consellería de Economía, Emprego e Industria e do INSS, debendo aportarse as tres certificacións, no caso contrario non se poderá valorar este apartado.*

-Se os ingresos do/a aspirante son menores que o valor do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual fixado en en 537,84 €, pola Lei 6/2018 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para os anos 2019 e 2020: **1,00 punto.** *Acreditarase mediante a presentación do documento acreditativo de ter concedida a prestación correspondente (RISGA, RAI, PREPARA e outros).*

-Se os ingresos do/a aspirante están comprendidos entre o valor do IPREM mensual anteriormente citado (537,84 €,) e dúas veces o valor do devandito IPREM (1.075,68 €): **0,75 puntos.** *Acreditarase mediante a presentación do documento acreditativo de ter concedida a prestación correspondente (RISGA, RAI, PREPARA e outros).*

-Se os ingresos do/a aspirante son superiores a dúas veces o valor do citado IPREM mensual (1.075,68 €): **0,50 puntos.** *Acreditarase mediante a presentación do documento acreditativo de ter concedida a prestación correspondente (RISGA, RAI, PREPARA e outros).*

6º) Candidatos/as con cargas familiares (entendéndose por estas ter a cargo do solicitante fillos/as menores de 26 anos, ou persoas menores en acollemento, ou maiores con discapacidade). **Este apartado valorarase cun máximo de 1,00 punto,** do seguinte xeito:

APARTADOS	CARGAS FAMILIARES	PUNTUACIÓN
1	Por cada fillo/a menor de 26 anos e/ou menores en acollemento	0,25
2	Por discapacidade igual ou superior ao 33% do cónxuxe, ou da parella de feito, ou de persoas/s convivinte en 1º grao de parentesco	0,50
3	Por título de familia numerosa	0,25

As circunstancias referidas no anterior cadro acreditaranse como se indica a continuación:

-Apartado 1:





Presentarase orixinal ou fotocopia compulsada do libro de familia ou documento equivalente, orixinal ou fotocopia compulsada da resolución de acollemento e certificado de convivencia expedido polo Concello a partir do mes de xuño de 2020, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

-Apartado 2:

Os aspirantes que manteñan relación matrimonial, presentarán orixinal ou fotocopia compulsada do libro de familia ou equivalente e certificado de convivencia expedido polo Concello a partir do mes de xuño de 2020, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

Os aspirantes que formen parte dunha parella de feito presentarán orixinal ou fotocopia compulsada da certificación de estar inscritos nun rexistro público oficial de parellas de feito e certificado de convivencia expedido polo Concello a partir do mes de xuño de 2020, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

A discapacidade citada deberá xustificarse achegando orixinal ou fotocopia compulsada do certificado do organismo oficial competente que acredite a mesma e a súa porcentaxe.

-Apartado 3:

Achegarase orixinal ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa en vigor.

7º) Que os/as aspirantes leven inscritos como demandantes de emprego máis de UN ano: **0,10 puntos.**

Acreditarase coa tarxeta de demandante de emprego e cun certificado de períodos de inscrición expedido pola correspondente Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia.

8º) Que os/as aspirantes **non foran** contratados nos anos 2018 ou 2019 polo Concello do Porriño: **0,05 puntos.**

Acreditarase coa certificación ou informe de vida laboral actualizado, expedido a partir do mes de xuño de 2020 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social que se aporte coa solicitude.

II.- Experiencia profesional: máximo 1 punto.

Valorarase neste apartado a experiencia profesional **directamente relacionada coa contratación á que se opta na solicitude**, da seguinte forma:

-0,10 puntos por mes traballado en Administracións Públicas.

Acreditarase mediante certificación expedida polo correspondente funcionario/a habilitado para o efecto ou no seu defecto mediante os





Concello do Porriño

contratos de traballo e orixinal de informe ou de certificación de vida laboral expedida a partir do mes de xuño de 2020 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Se a experiencia profesional a que se refire este apartado fóra acadada durante os anos 2018 ou 2019 e no concello do Porriño non será avaliada en congruencia co establecido no anterior apartado 8º do punto I desta base sétima, no que se valora non haber sido contratado polo Concello do Porriño nos anos 2018 ou 2019.

-0,05 puntos por mes traballado en empresas privadas.
Acreditarase mediante os contratos de traballo que tivese e/ou de certificacións expedidas polas entidades onde prestou os servizos, nas que figuren de xeito detallado as funcións desempeñadas e o tempo durante o cal as desempeñou, e orixinal de informe ou de certificación de vida laboral expedida a partir do mes de xuño de 2020 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

III.- Formación: máximo 1 punto.

Valoraranse neste apartado a realización de cursos de capacitación profesional sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias de cada contratación á que haxa optado o/a aspirante impartidos por centros legalmente autorizados ou recoñecidos, da seguinte forma:

- Ata 50 horas: 0,25 puntos por curso.
- De 51 a 100 horas: 0,50 puntos por curso.
- Máis de 100 horas: 0,75 punto por curso.

Os cursos ou actividades de formación que non especifiquen o número de horas valoraranse cunha puntuación de: 0,10 puntos por curso.

Os cursos acreditaranse mediante fotocopia compulsada do documento que acredite a súa realización.

OITAVA: ENTREVISTA COS/AS ASPIRANTES

A entrevista versará sobre os méritos alegados. A finalidade será a de coñecer as capacidades persoais e profesionais para o posto a que optan a ser contratados/as. Será puntuada cun máximo de 1 punto.

NOVENA: CUALIFICACIÓN

Realizada a valoración dos méritos e da entrevista de cada aspirante o Tribunal sumara as puntuacións obtidas e elaborará cadansúa lista cos/as aspirantes por orde de puntuación obtida para cada contratación e formulará á Sra. Alcadesa cadansúa proposta de contratación cos/as aspirantes que obteñan as maiores puntuacións.

No caso de empate na puntuación final entre dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase a favor do/a aspirante que acadara a maior puntuación no





punto I.- Situación sociolaboral, familiar e persoal, de persistir o empate dirimirase pola maior puntuación obtida no punto II.- Experiencia profesional e de continuar o empate pola obtida no apartado III.- Formación, na entrevista e de manterse este mediante un sorteo.

As puntuacións e propostas do Tribunal faranse públicas no Taboleiro de Edictos do Concello, sen prexuízo da súa publicación na páxina web www.oporrino.org de forma complementaria.

DÉCIMA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Alcaldía á vista das propostas do Tribunal e unha vez xustificadas os requisitos esixidos, resolverá o que corresponda.

Os/As aspirantes propostos/as, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, antes da formalización do contrato, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

En cadanseu contrato deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non os puideran formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizados foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que os contratados/as non puideran cumprir o contrato a Alcaldesa poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto/a poida exceder do 31-12-2020.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente





Concello do Porriño

ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO (MODELO DE SOLICITUDE)

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (interese Social), a xornada completa, de 2 traballadores para reforzo e apoio a servizos municipais de interese xeral e social subvencionados pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2020- liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

D./Dna.			
DNI núm.		e con domicilio en	
Código postal		Concello	
Teléfono	, ante a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño:		

EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:

a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso, para contratacións laboral temporal a xornada completa de 37,5 horas semanais, durante un período que en ningún caso poderá exceder do 31-12-2020, por cuestións de interese xeral e social.

b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que rexen o citado proceso de selección.

c) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:

- Fotocopia debidamente compulsada do DNI ou tarxeta para os que non teñan nacionalidade española.
- Fotocopia debidamente compulsada do permiso de condución (só nos casos en que se esixa coma requisito).
- Declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base **CUARTA**, apartados **E), F), G) e H)**.
- Orixinal ou fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral expedida a partir do mes de xuño de 2020** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación xustificativa dos méritos que aleguen que se valoran conforme se establece na **base SÉTIMA** das Bases que rexen o proceso selectivo.

Por todo o exposto,

SOLICITA: Ser admitido/a ao devandito procedemento de selección para poder formalizar contrato laboral temporalmente de interese Social como:

(marcar o contrato ao que opta)

<input type="checkbox"/> 2 Peóns forestais.	<input type="checkbox"/> 2 Peóns de limpeza.
---	--

O Porriño, a ____ de _____ de 2020
Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE



Cod. Validación: 6YA4DS646FXRHGM5ATYKPFZFS | Corrección: https://oporriño.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

